



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2025

ANUNCIO

O 16 de abril de 2025 o Pleno en sesión ordinaria rexeitou o proxecto de presuposto municipal para o exercicio 2025. O día 14 de maio de 2025 o Pleno en sesión extraordinaria rexeitou a cuestión de confianza vencellada á aprobación do presuposto de 2025, transcorrido o prazo dun mes sen que se presentase ningunha moción de censura, de acordo coa certificación da Secretaría municipal. En consecuencia, enténdese outorgada a confianza á Alcaldía e aprobado inicialmente o Presuposto municipal de 2025, as Bases de Execución e o Cadro de persoal.

O que se fai público a fin de que, durante o prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ante o Pleno que consideren pertinentes.

O orzamento xeral do Concello de Dodro entenderase definitivamente aprobado, se durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Estas consideraranse denegadas se non se resolven no acto de aprobación definitiva.

Dodro, 17 de xuño de 2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

2025/4001